

PLAN DIXITAL

CEIP Plurilingüe Pedro
Antonio Cerviño

Versión 1.0 - xuño 2022

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

. 1.1.- Datos básicos do centro

- **Nome do centro:** CEIP Plurilingüe Pedro Antonio Cerviño
- **Código do centro:** 36000685
- **Enderezo:** A Lagoa s/n, 36110, Campo Lameiro
- **Teléfonos:** secretaría: 886 151 205 - Dirección: 886 151 205 - Fax: 886 151 2057
- **Correo electrónico:** ceip.cervinho@edu.xunta.gal
- **Páxina web:** <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcervinho>
- **Etapas educativas:** Educación Infantil e Educación Primaria
- **Alumnado:** 61
- **Profesorado:** 11

. 1.2.- Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O Plan Dixital que se desenvolve no presente documento, foi deseñado para ser aplicado no CEIP Plurilingüe Pedro Antonio Cerviño, situado no Concello de Campo Lameiro, nan provincia de Pontevedra.

Trátase dun Concello rural con moi pouca poboación, sendo o colexio o único centro educativo do mesmo, ó que asiste a case totalidade dos nenos e nenas que nel habitan.

Este Plan toma como referencia as indicacións realizadas tanto no Proxecto Educativo do centro, como nas sucesivas Programacións Xerais Anuais; nas que se sinala como un dos obxectivos a "mellora da Competencia Dixital do alumnado" así como o "fomento no uso das ferramentas TIC por parte dos integrantes da comunidade escolar".

Deste mesmo xeito, queda tamén enmarcado nas propostas realizadas no actual "Plan das TIC" do centro, incluído no mencionado Proxecto Educativo de centro. Documento que se tivo como referencia á hora de elaborar certos aspectos do presente Plan, de modo que conteña todas as finalidades nel sinaladas.

Tanto a PXA do vindeiro curso, así como Proxecto Educativo, que terá que ser reelaborado, para adaptarse á LOMLOE, contemplarán as indicacións feitos no presente Plan Dixital, que se desenvolverá nas seguintes páxinas.

. 1.3.- Breve xustificación do mesmo

Para a elaboración do Plan Dixital do noso centro tivéronse en conta, entre outros, os seguintes aspectos normativos:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022

- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022
- LOMCE: Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro para a mellora da calidade da Educación.
- Currículos LOMCE de Educación Infantil en Galicia : Decreto 330/2009 do 4 de xullo.
- Currículos LOMCE de Educación Primaria en Galicia: Decreto 105/2014 do 4 de setembro.
- LOMLOE: Lei Orgánica 3/2022 do 29 de decembro, pola que se modifica a lei orgánica 2/2006 do 3 de maio.

Debemos ter en conta que durante o proceso de elaboración deste documento, nos atopamos **nunha transición na aplicación de dúas normativas educativas LOMCE e LOMLOE**. Será esta última aquela na que se comezar a aplicar este plan. Por este motivo tivéronse en conta os aspectos relacionados coa Competencia Dixital establecidos en ámbalas dúas normativas, pero especialmente na segunda.

Do mesmo xeito, aínda que no momento da elaboración deste documento, os **currículos LOMLOE de Galicia** non se atopaban oficialmente presentados, si se tiveron en conta as consideracións feitas nos **borradores dos mesmos**, tanto para a Educación Infantil como de Primaria, nos aspectos relacionados coa Competencia Dixital.

. 1.4.- Proceso de elaboración

A proceso organizativo para a elaboración deste plan, encadrouse dentro dunha das liñas de actuación do Plan de Formación Permanente do Profesorado, organizado no Centro para o vindeiro curso. Constituíndose un seminario no que participou todo o profesorado do centro.

Deste xeito, tódolos mestres e mestras do claustro formaron parte activa do equipo que deseñou e elaborou este documento; segundo a organización levada a cabo por parte do Coordinador do seminario (que tamén é o coordinador TIC-Edixgal do centro), en sucesivas reunións. Orientado todo o proceso polo equipo ADIX Pontevedra 1, no que formos enmarcados.

Tras sucesivos borradores, debatidos e consensuados, a partir dos resultados do documentos para valorar a situación de partida (SELFIE, TestCDD), deuse forma a este documento, para ser presentado e aprobado tanto en Claustro como por parte do Consello Escolar.

2. Situación de partida

2.1.- Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O CEIP Plurilingüe Pedro Antonio Cerviño, obxecto de aplicación deste Plan, conta coa seguinte infraestrutura, equipamento e servizos dixitais:

- **Infraestrutura dixital:**

- O Centro conta cunha rede LAN cableada que chega a tódalas dependencias da mesma, que contan con, alomenos, un conector de parede para a conexión por cable.
- O centro posúe tamén con dúas redes inarámicas – Wifi -que dan cobertura á totalidade do centro (agás ó pavillón). Unha delas denominada "Siega", con SSID oculto e contrasinal, que permite a conexión a calquera usuario da comunidade escolar, que conte cos datos de acceso. A outra rede inarámica, correspondese coa rede "Abalar-Edixgal", poden conectarse os equipos E-dixgal do alumnado, profesorado e aula, así como o profesorado coas súas credenciais de acceso corporativas (edu.xunta.gal) en calquera equipo.
- No armario de comunicacións, ademais dos respectivos RAC para as redes mencionadas, cóntase cun servidor de rede denominado "Servidor Abalar", que forma parte do equipamento das aulas Edixgal (Abalar). Este ademais de ser servidor de contidos cumpre as funcións de NAT para a citada rede wifi E-dixgal.

- **Equipamento dixital:**

O centro conta co seguinte equipamento dixital correspondente ás aulas Edixgal:

Denominación	Unidades	Localización	Usuarios	Finalidade
Portátiles Edixgal alumnado	16	Aula de 5º e 6º e domicilios	Alumnado de aulas Edixgal	Docencia
Portátiles Edixgal profesorado	10	Aulas de 5º e 6º e domicilios	Profesorado con docencia en aulas Edixgal	Docencia
Portátiles Edixgal de aula	2	Aula de 5º e 6º	Profesorado – aula Edixgal	Docencia
EDI Edixgal	2	Aula de 5º e 6º	Aula Edixgal	Docencia
Carro de carga	2	Aula de 5º e 6º	Aula Edixgal	Docencia
Proxector	2	Aula de 5º e 6º	Aula Edixgal	Docencia

O centro conta co seguinte equipamento dixital en dependencias que non son aulas Edixgal.

Denominación	Unidades	Localización	Usuarios	Finalidade
Equipos portátiles	2	Almacén para uso discrecional	Alumnado	Docencia
		Almacén para uso discrecional	Profesorado	Docencia
	2	Dirección Secretaría	Equipo Directivo	Administración
	3	Biblioteca	Usuarios da biblioteca	Docencia
Equipos sobremesa	6	Aulas	Alumnado e profesorado	Docencia
	2	Sala de mestres/as	Profesorado	Docencia
	1	Biblioteca	Profesorado administrador	Administracións
Tabletas	6	Sala de mestres/as	Alumnado	Docencia
EDI	4	Aulas	Aula	Docencia
Proxector	5	Aulas	Aula	Docencia
E-reader (lectores de libros electrónicos)	3	Biblioteca	Alumnado	Docencia
Equipos portátiles na aula STEM - informática	6	Aula STEM - Informática	Alumnado e profesorado	Docencia

• **Servizos dixitais:**

- O centro participa, desde fai moitos anos, no proxecto "Webs dinámicas" , da Consellería de Educación, polo que conta con:
 - Páxina web (Drupal) no enderezo: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcervinho>
 - Galería fotográfica (Copermine) no enderezo: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcervinho/galeria/>
 - Aula Virtual (Moodle) no enderezo: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcervinho/aulavirtual/>
- Como centro E-Dixgal, contamos cun Espazo Virtual de Aprendizaxe (EVA), ofertado polo citado proxecto, accesible no enderezo: <https://eva.edu.xunta.gal>

- Temos acceso tamén ó uso doutras ferramentas corporativas como son: Abalar Móbil, Espazo Abalar, Abalar Box, Agueiro, Falamos... así como a Webex como sistema de vídeoconferencias.

O equipamento do centro e o seu mantemento corre a cargo da UAC (Unidade de Atención a Centros), naqueles casos en que foron remitidos desde a administración.

No caso do equipamento mercado polo propio centro o mantemento deste corre a cargo, nun primeiro momento, do coordinador TIC E-dixgal quen, no caso de non poder solventalo tramita a reparación no correspondente servizo técnico.

No caso do equipamento correspondente ó proxecto Edixgal, o mantemento deste corre a cargo do "Soporte Premium", sendo o coordinador E-dixgal o responsable de facer os trámites pertinentes ante o servizo. No caso dos equipos do alumnado, se ben as familias son as responsables de facer esa tramitación, desde o centro ofrécese orientación e mediación na comunicación co soporte de ser preciso.

. 2.2.- Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	5				
	Profesorado	4,3				
	Alumnado	-				
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	5				
	Profesorado	4,1				
	Alumnado	3				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4,3				
	Profesorado	4				
	Alumnado	4,3				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4,7				
	Profesorado	4,8				
	Alumnado	-				
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4,4				
	Profesorado	4,2				
	Alumnado	-				
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	4,6				
	Profesorado	4,2				
	Alumnado	4,1				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3,4				
	Profesorado	3,9				
	Alumnado	-				
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	4,9				
	Profesorado	4,4				
	Alumnado	4				

Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	6	6	100%
PROVISIONAL	2	2	100%
INTERINO	1	1	100%
SUBSTITUTO	1	2	50%
OUTROS	1	1	100%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
95,5	Integrador/a (B1)	76,5	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	94,5	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)
PRIM	97,4	Experto/a (B2)	77	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	0	0%
A2	1	9,1%
B1	5	45,5%
B2	4	36,4%
C1	0	0%
C2	1	9,1%
TOTAL	11	100%

Outras fontes:

Para a elaboración do DAFO empregouse, ademais do SELFIE e Test CDD, un documento “dos porqueres” de elaboración propia no centro, no que se fixo unha análise das causas dos resultados obtidos en ambos documentos.

Tamén se levou a cabo unha análise cuantitativa e cualitativa, dos datos obtidos do SELFIE, dos que se elaborou cadandeseu documento, onde se reflectiu a reflexión realizada sobre se se trataba de debilidades, fortalezas, oportunidades ou ameaaas.

. 2.3.- Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	- C3: O centro conta cunha conexión con velocidade de conexión de 100Mb/s por cable, como mínimo.	- C3: O centro conta cunha conexión inarámica con pouco alcance, non chega a algunhas aulas nin ó pavillón.
	PERSOAL DOCENTE	- E1: Busca recursos educativos en liña. - Participa activamente nas formacións que se levan a cabo. - Constancia e participación activa nas propostas dixitais que se planexan.	- E3: O profesorado usa menos do agardado o entorno virtual de aprendizaxe (aula virtual), agás en 5º e 6º. - Formación media B1: Non se incorporan as ferramentas TIC para a avaliación. - Non existe ningunha plataforma común na que compartir recursos.
	PERSOAL NON DOCENTE	-	-
	ALUMNADO	- C8: Conta con equipamento dixital que pode levar para as súas casas. - F5: Úsase a tecnoloxía para o traballo en grupo. - Aprende a comunicarse usando as TIC. - As TIC están integradas no día a día da aula.	- Carecemos de instrumentos para avaliar habilidades dixitais do alumnado desenvolvidas fora do centro. - G1 e G3: Non se fomenta o uso de ferramentas TIC para a co-avaliación, en tódolos niveis.
	FAMILIAS	- A partir da pandemia as familias incrementaron a dotación en dispositivos dixitais nos domicilios.	- Descoñecemento e pouca implicación das familias nas propostas realizadas no eido da CD: charlas, obradoiros. - Falta de propostas atractivas, desde o centro, para implicar as familias no eido da CD.
	OFERTA	- Edixgal en 5º e 6º - Área de Libre Elección en 4º e 6º de Robótica Educativa e CD (participan 3º e 5º) - Nos restantes grupos do centro obradoiros sobre TIC e CD - Uso e creación de ferramentas TIC en Educación Infantil.	-
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	- Formación media B1: Organízanse actividades de formación no centro formais (PFPP) e informais. - Explorar novas modalidades de ensino. - Páxina web actualizada coa colaboración de todos/as. - C14: Conta con espazos para facilitar o ensino aprendizaxe con tecnoloxías dixitais, deben mellorarse para facelos máis eficaces. - A estabilidade do profesorado é unha oportunidade de afondar no uso das TIC, con media de idade baixa.	- Non existe estratexia dixital definida. - C5: Non existe un protocolo para a resolución de incidencias técnicas TIC, quen asume toda a carga, nin autoxestión das mesmas polo profesorado

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	- C8: O centro conta cos dispositivos dixitais do equipamento Edixgal e os mercados polo propio centro. - Existe variedade de propostas formativas, debe fomentarse a participación do profesorado nas mesmas.	- C8: Características do equipamento e software instalado. A maqueta Edixgal Abalar non é modificable. - C8: A dotación tecnolóxica e achegas da administración non constante nin coherente coas necesidades.
	LEXISLACIÓN	- Inclusión de aspectos relacionados coa CD nos currículos e lexislación educativa, incluída a elaboración do Plan Dixital.	- A variabilidade lexislativa e falta estabilidade, implica non poder planificacións a longo prazo na estratexia dixital.
	CONTORNA	- F6: O profesorado fomenta a participación en en proxectos interdisciplinares e en relación coa contorna.	- A localización do centro, implica desprazamentos longos, para poder participar en propostas fora do mesmo, relacionados coa tecnoloxía.
	ANPA	- Debemos aproveitar a participación das familias no desenvolvemento da estratexia dixital, como unha oportunidade de facela máis eficaz.	- Non existe implicación da ANPA no desenvolvemento da estratexia dixital, debemos fomentar a mesma para acadar os obxectivos que se propoñan.
	OUTRAS ENTIDADES	-	- Nula implicación do Concello no eido da CD. Non fai propostas nin colabora por iniciativa propia nas feitas desde o centro.

3. Plan de Acción

. 3.1.- Obxectivos, indicadores e accións

"Área/s de mellora": A – liderazgo, F – Pedagogía (implementación na aula)

1. OBXECTIVO :	Contar e poñer en práctica un estratexia dixital para o centro.	Acadado
RESPONSABLE:	Coordinador TIC e equipo para a elaboración do Plan Dixital.	Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Elaboración do Plan Dixital do Centro e posta en funcionamento do mesmo.	
Valor de partida	Non temos Plan Dixital no Centro. (0%)	
Valor previsto e data	Elaboración do Plan Dixital de Centro (aprobalo no Consello Escolar). (100%) Posta en funcionamento do Plan Dixital. (100%)	Xuño 2022 Curso 2022-2023

ACCIONS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO1.1: Elaborar o Plan Dixital do Centro	Coordinador TIC	Xuño de 2022	Convocatoria de reunións, actas e equipamento tecnolóxico.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.2: Poñer en funcionamento o Plan Dixital do Centro.	Coordinador TIC	Xuño 2023	Material preciso para poñer en práctica as indicacións feitas no plan Dixital.		Realizada
					Aprazada
					Pendente

"Área/s de mellora": C – Infraestrutura e equipos

2. OBXECTIVO :	Contar e poñer en práctica un protocolo para a resolución de incidencias TIC no centro.	Acadado
RESPONSABLE:	Coordinador TIC do centro	Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Creación dun protocolo para a resolución das incidencias TIC no centro e posta en práctica do mesmo.	
Valor de partida	Non contamos cun protocolo claro para a resolución das incidencias. (0%)	
Valor previsto e data	Contar cun protocolo para a resolución de incidencias. (100%)	Xaneiro 2023

ACCÍONS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO2.1: Crear un apartado na web do centro, no cal se poidan deixar a incidencias técnicas ó coordinador TIC por parte do profesorado.	Coordinador TIC	Xuño 2023	Web do centro		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO2.2: Elaborar un protocolo claro que permita saber a quen recurrir segundo o tipo de incidencia, que inclúa guía rápida cos erros máis habituais.	Coordinador TIC	Xuño 2023	Equipamento dixital, protocolo elaborado		Realizada
					Aprazada
					Pendente

"Área/s de mellora": A – Liderazgo , E – Pedagogía (apoios e recursos)

3. OBXECTIVO :	Implicar ás familias nas propostas TIC realizadas desde o centro, facendo propostas atractivas	Acadado
RESPONSABLE:	Coordinador TIC e Dirección	Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	- Fanse propostas atractivas para as familias - As familias participan nas propostas feitas	
Valor de partida	- As propostas realizadas non son atractivas ou non existen - Participa o 10% das familias	
Valor previsto e data	- As propostas feitas son atractivas para as familias - Participa alomenos o 50% das familias nalgunha das propostas.	Curso 2022-2023

ACCIONS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
A03.1: Facer unha enquisa entre as familias, sobre as temáticas TIC sobre as que estarían interesados en formarse no centro.	Coordinador TIC e outros docentes	xaneiro 2023	Web do centro, Abalar Móbil		Realizada
					Aprazada
					Pendente
A03.2: Organizar obradoiros, os martes pola tarde, no que poidan participar familias cos seus fillos, organizados polos docentes. A partir das enquisas remitidas	Coordinador TIC e outros docentes	Xuño 2023	Equipamento TIC, aula STEM, resultados das enquisas		Realizada
					Aprazada
					Pendente
A03.3: Informar ás familias nas reunións sobre as ferramentas e equipamento TIC do centro.	Titores e coordinadores	Xuño 2023	Equipamento TIC.		Realizada
					Aprazada
					Pendente

"Área/s de mellora": G – Prácticas de avaliación , H – Competencias dixitais do alumnado

4. OBXECTIVO :	Contar con instrumentos de avaliación que permitan avaliar as habilidades dixitais desenvolvidas fora do centro	Acadado
RESPONSABLE:	Claustro coordinado polo Coordinador de Formación	Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	- Existen nas programacións de nivel, ciclo e aula instrumentos que permiten avaliar as habilidades desenvolvidas fora do centro	
Valor de partida	- Non existen instrumentos que avalíen este tipo de habilidades. (0%)	
Valor previsto e data	- Alomenos no 75% das programacións existen instrumentos que avalíen este tipo de habilidades	Xuño 2023

ACCÍONS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO4.1: Elaborar unha rúbrica por ciclo, que permita avaliar as habilidades dixitais desenvolvidas fora do centro. Como avaliación inicial	Coordinador TIC, docentes	Xuño 2023	Equipamento TIC		Realizada
					Aprazada
					Pendente

"Área/s de mellora": G – Prácticas de avaliación, H - Competencias dixitais do alumnado

5. OBXECTIVO :	Usar as TIC como instrumento para a co-avaliación do por parte do alumnado.	Acadado
RESPONSABLE:	Claustro coordinado polo Coordinador de Formación	Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	- Existen nas programacións de nivel, ciclo e aula instrumentos que permiten a co-avaliación	
Valor de partida	- Non existen instrumentos que permiten a co-avaliación (0%)	
Valor previsto e data	- Alomenos no 75% das programacións existen instrumentos que permiten a co-avaliación	Xuño 2023

ACCIONS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
A05.1: Organizar actividades formativas para o profesorado, que permitan coñecer instrumentos de co-avaliación do alumnado.	Coordinador de formación e coordinador TIC	Xuño 2023	Equipamento TIC		Realizada
					Aprazada
					Pendente
A05.2: Elaborar instrumentos de avaliación, que permitan a co-avaliación.	Coordinador TIC e docentes	Xuño 2023	Equipamento TIC e ferramentas online		Realizada
					Aprazada
					Pendente

"Área/s de mellora": G - Prácticas de avaliación, D – Desenvolvemento profesional continuo

6. OBXECTIVO :	Incorporar máis ás ferramentas TIC no proceso de avaliación do alumnado, por parte do profesorado.	Acadado
RESPONSABLE:	Coordinador TIC, docentes e Dirección	Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	O profesorado emprega ferramentas dixitais no proceso de avaliación do alumnado	
Valor de partida	Menos do 10% do profesorado as emprega algunha ferramenta dixital para a avaliación	
Valor previsto e data	Alomenos o 70% do profesorado emprega algunha ferramenta dixital para a avaliación	Xuño 2023

ACCIONS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
A07.1: Solicitar a creación de seminarios dentro do PFPP con actividades formativas para mellora da CD do profesorado no proceso de avaliación.	Coordinador de formación	Xuño 2023	Equipamento TIC – aula virtual		Realizada
					Aprazada
					Pendente

"Área/s de mellora": E – Pedagogía (apoios e recursos) , B – Colaboración e redes

7. OBXECTIVO :	Crear unha plataforma virtual para compartir contidos e recursos dixitais, dentro do centro pero accesible desde fora.	Acadado
RESPONSABLE:	Coordinador TIC - Edixgal	Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	- Existe unha plataforma na que compartir contidos e recursos dixitais, accesible tanto desde centro como desde fora.	
Valor de partida	- Non existe dita plataforma (0%) - Non se comparten recursos nunha plataforma común no centro (0%)	
Valor previsto e data	- Existe a plataforma para compartir contidos e recursos (100%) - Alomenos o 50% profesorado emprega a plataforma común	Xuño 2023

ACCIONS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
A08.1: Crear unha plataforma online, na web do centro, que sirva de banco de recursos dixitais, a compartir polos docentes.	Coordinador TIC e docentes	Xuño 2023	Equipamento TIC e web do centro		Realizada
					Aprazada
					Pendente

"Área/s de mellora": F – Pedagogía (implantación na aula), A – Liderazgo.

8. OBXECTIVO :	Incluír de forma efectiva, propostas variadas para desenvolver a CD, nas programacións de nivel e aula, a a partir das indicacións dos documentos de centro e lexislación.	Acadado
RESPONSABLE:	Titores coordinados polo Coordinador de Formación	Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	- As programacións inclúen propostas para o traballo da CD con variadas ferramentas dixitais.	
Valor de partida	- Existen poucas propostas, ou non variadas, para o traballo da CD nas programacións. (20%) - Non se aplican de forma efectiva na aula, moitas das propostas plasmadas na programación (50%)	
Valor previsto e data	- No 90% das programacións incrementouse a variedade das propostas realizadas. - Alomenos no 70% dos casos, se aplican na aula as propostas realizadas	Curso 2023

ACCIONS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
A09.1: Solicitar, dentro do PFPP do centro, formativas para mellora da CD do profesorado e uso pedagóxico das mesmas.	Coordinador de formación	Xuño 2023	Equipamento TIC – aula virtual		Realizada
					Aprazada
					Pendente
A09.2: Organizar e poñer en funcionamento un obradoiros co alumnado para a mellora da CD.	Coordinador TIC e docentes	Xuño 2023	Aula STEM e equipamento dixital		Realizada
					Aprazada
					Pendente

"Área/s de mellora": C – Infraestrutura e equipos, A - Liderazgo

9. OBXECTIVO :	Habilitar espazos específicos no centro e optimizar os existentes, para o traballo coas TIC	Acadado
RESPONSABLE:	Coordinador TIC	Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	- Organizar a/as aulas STEM incorporando novo equipamento adicional. - Optimizar o uso da aula/as STEM por parte dos diferentes niveis.	
Valor de partida	- A aula STEM existente precisa unha reorganización e optimización de medios. (50%) -O horario de uso da aula STEM non está optimizado o que implica que non se aproveite todo o que se podería. (50%)	
Valor previsto e data	- Reorganizar a aula STEM incorporando alomenos 6 novos equipos portátiles (100%) - Crear un horario de uso da aula STEM para optimizar o seu uso. (100%)	Xuño 2023

ACCIONS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO10.1: Reorganizar a aula STEM do centro	Coordinador TIC e docentes	Xuño 2023	Equipamento TIC e aula STEM		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO10.2: Habilitar novos espazos no centro, para o uso do equipamento TIC.	Coordinador TIC e Dirección.	Xuño 2023	Equipamento TIC e aula STEM		Realizada
					Aprazada
					Pendente
A010.3: Crear un horario que permita optimizar o uso da aula/s STEM	Coordinador TIC	Xuño 2023	Equipamento TIC e aula STEM		Realizada
					Aprazada
					Pendente

"Área/s de mellora": A – Liderazgo, F – Pedagogía (implementación na aula)

10. OBXECTIVO :	Mellora efectiva do traballo e funcionamento do Equipo para a dinamización das TIC do centro.	Acadado
RESPONSABLE:	Coordinador TIC – Edixgal , Dirección.	Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	- Artellar, e levar a cabo de forma efectiva, un horario de reunións do equipo TIC para facer máis eficaz o seu funcionamento.	
Valor de partida	- O equipo TIC non ten un calendario de reunións que leven a cabo de forma efectiva. (0%)	
Valor previsto e data	- Realizar alomenos unha reunión real e efectiva, cada trimestre, por parte do equipo para a dinamización das TIC. (100%)	Xuño 2022

ACCIONS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO11.1: Elaborar un calendario de reunións do equipo TIC que sexa realista.	Coordinador TIC	Xuño 2023	Equipamento TIC		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO11.2: Redactar un documento cunha distribución clara das funcións de cada un dos integrantes do equipo TIC	Coordinador TIC	Xuño 2023	Equipamento TIC		Realizada
					Aprazada
					Pendente

"Área/s de mellora": A – Liderazgo

11. OBXECTIVO :	Mellorar a implicación do Concello, para que fagan propostas TIC a desenvolver	, Acadado
RESPONSABLE:	Dirección	Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Propoñer ó Concello ideas de posibles actividades TIC, nas que o centro estaría interesado.	
Valor de partida	Non se propoñen actividades por parte do Concello, nin se lle trasladan propostas desde Centro. (0%)	
Valor previsto e data	O Centro propón, alomenos unha idea de actividade por curso escolar. (100%) O Concello pon en práctica no centro alomenos unha das propostas feitas. (100%)	Xuño 2023

ACCÍONS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO12.1: Transmitir ó representante do Concello no Consello Escolar, do resultado da enquisa realizada entre as familias (indicada noutra actividade)	Coordinador TIC e Dirección	Xuño 2023	Equipamento TIC		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO12.2: Facer chegar as necesidades de equipamento tecnolóxico, solicitando colaboración desde o Consello Escolar	Consello Escolar, Dirección	Xuño 2023	Equipamento TIC		Realizada
					Aprazada
					Pendente

"Área/s de mellora": C – Infraestrutura e equipos, D – Desenvolvemento profesional continuo

12. OBXECTIVO :	Coñecer o funcionamento, potencialidade e usos do software instalado nas maquetas Edixgal e Abalar Libre, para solventar a limitación de non poder instalar novos programas.	Acadado
RESPONSABLE:	Coordinador TIC	Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	- Descubrir a potencialidade e saber empregar as diferentes aplicacións que inclúen as maquetas Edixgal-Abalar, como alternativas a outras de posible demanda por parte do profesorado, por ser as que coñecen.	
Valor de partida	- Non se coñece o uso das diferentes ferramentas e aplicacións dispoñibles na maqueta Abalar-Edixgal. (10%)	
Valor previsto e data	- Coñécese o uso de, alomenos, 5 ou 6 ferramentas da maqueta Edixgal-Abalar, como alternativa das usadas polos docentes. (70%)	Curso 2022-2023

ACCIONS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO13.1: Organizar, unha das liañas, dentro do Plan de formación no centro (seminario) sobre o software das maquetas abalar.	Coordinador TIC Edixgal	Xuño 2023	Equipamento Edixgal – ou equipos con maqueta Abalar		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO13.2: Poñer en marcha, sesións de traballo e formación informal sobre o software das maquetas Abalar – Edixgal	Coordinador TIC Edixgal	Xuño 2023	Equipamento Edixgal – ou equipos con maqueta Abalar		Realizada
					Aprazada
					Pendente

"Área/s de mellora": A - Liderazgo

13. OBXECTIVO :	Fomentar unha maior implicación da ANPA e familias, integrándoos en obradoiros TIC co alumnado	Acadado
RESPONSABLE:	Dirección e coordinador TIC	Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	- As familias participan, xunto co alumnado, nos obradoiros que se organicen. - O centro participa nas actividades TIC que propoña a ANPA.	
Valor de partida	- Non existen obradoiros TIC nas que participen familia-alumando. (0%)	
Valor previsto e data	- As familias participan nos obradoiros que se organicen, alomenos un por curso (100%)	Curso 2022-2023

ACCIONES A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO14.1: Facer partícipes á ANPA dos obradoiros TIC, familias-alumnado, organizados algún martes pola tarde (indicado noutra actividade)	Coordinador TIC	Xuño 2023	Equipamento informático		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO14.2: Asesorar e guiar á ANPA sobre o uso do seu espazo na web do centro.	Coordinador TIC	Xuño 2023	Web do centro.		Realizada
					Aprazada
					Pendente

"Área/s de mellora": C – Infraestrutura e equipos

14. OBXECTIVO :	Mellora da dotación e equipamento tecnolóxico	Acadado
RESPONSABLE:	Dirección – Coordinador TIC Edixgal	Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	- Incrementouse a dotación tecnolóxica (TIC) do centro	
Valor de partida	- Contamos cun único equipo informático por aula - Contamos con 7 equipos informáticos na aula STEM - Contamos con 4 equipos informáticos na biblioteca.	
Valor previsto e data	- Contar con alomenos dous equipos por aula (un deles para uso do alumando) - Contar con alomenos 13 equipos informáticos na aula STEM. - Contar con alomenos 7 equipos informáticos na biblioteca.	Xuño 2023 Xuño 2024

ACCÍONS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO15.1: Elaborar un orzamento como proposta para mercar novo equipamento por parte do centro	Coordinador TIC - Dirección	Xuño 2022	Equipamento TIC		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO15.2: Solicitar á administración e Concello novo equipamento informático.	Coordinador TIC - Dirección	Xuño 2023	Equipamento TIC		Realizada
					Aprazada
					Pendente

. 3.2.- Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Unha vez analizada a situación de partida en canto a infraestruturas e equipamento, e coñecida a planificación de actuacións previstas neste plan; faise necesario establecer unha serie de necesidades que permitan facelo viable:

Equipamento necesario	Número de unidades	Localización e finalidade
EDI ou pantallas interactivas	3	Algunhas das aulas teñen o EDI avariado e é preciso reemplazalos; para levar a cabo as propostas realizadas de integración das TIC nas aulas.
	1	Instalación dun EDI con proxector, ou pantalla interactiva na sala de mestres/as, para facilitar as tarefas de formación docente establecidas nas actividades correspondentes.
Equipos portátiles *	5	Incrementar a dotación da aula STEM – informática. Na actualidade contamos unicamente con 6 equipos (adquiridos polo propio centro). A nova dotación de equipos, permitirá levar a cabo as propostas realizadas facendo equipos de alumnos/as máis reducidos. Permitirá tamén contribuir á consecución dos obxectivos propostos, a realizar nas actividades que teñan lugar na aula STEM-informática (robótica...)
	3	Para poder ser empregada na biblioteca tanto por parte do alumnado, nas actividades propostas, como das familias, nas actividades de formación propostas.
Equipos de sobremesa	2	Para ser empregado polo profesorado e para labores administrativas, na sala de mestres e mestras.
	5	Para instalar nas aulas e poder ser empregado por parte do alumnado, de modo que se poidan levar a cabo as propostas para a integración das TIC nas aulas.
Ampliación da cobertura	-	Para solventar as zonas de sombra nas

da rede wifi		que non chega a cobertura no centro, especialmente no pavillón. Tal como se sinalou no DAFO
--------------	--	---

** Os equipos portátiles permitirán ser empregados en outros lugares, con independencia da súa ubicación inicial, permitindo o seu uso discrecional segundo as necesidades que plantexa cada actividade.*

4. Avaliación do plan

. 4.1.- Seguimento

Para o seguimento da posta en funcionamento deste Plan Dixital, será realizado por parte do Equipo para a Dinamización das TIC do centro, e coordinado polo coordinador do citado equipo. Neste proceso teranse en conta estes dous momentos:

- **Avaliación procesual:** Farase un seguimento do grao de cumprimento, por parte do Equipo para dinamización das TIC, polo menos unha vez por trimestre, dentro das reunións establecidas polo citado equipo. Desta avaliación proporanse á CCP cambios ou modificacións a incluír no Plan de cara a incrementar a súa eficacia real, que permita unha consecución satisfactoria dos obxectivos propostos.
- **Avaliación final:** Rematado cada curso escolar, o Equipo para dinamización das TIC fará un seguimento do grao de consecución dos obxectivos establecidos, facendo unha proposta de valoración para cada un deles que presentará ó claustro de mestres/as, onde será debatido e completado coa participación de tódolos integrantes.

. 4.2.- Propostas de mellora (revisión)

Como resultado do seguimento, antes sinalado, o Claustro fará as propostas definitivas, para modificar e mellorar este Plan, nun proceso continuo de actualización, que permita unha mellor consecución efectiva dos obxectivos propostos.

Estas propostas, uha vez acordadas, serán incluídas no presente plan para seren sometidos á consideración do Consello Escolar, para a súa aprobación definitiva.

5. Difusión do plan

Este Plan Dixital será difundido entre a comunidade educativa para o seu coñecemento, ó fin de que poidan coñecelo e facer as aportacións que consideren oportuno.

A tal fin establecemos as seguintes vías para difusión e para dar publicidade a este plan:

- Publicación na páxina web do centro unha aprobado por parte do Consello Escolar.
- Presentación do plan ás familias e envío do mesmo á AMPA, para que poidan difundilo entre as familias.
- Remisión do plan ó Concello de Campo Lameiro, como axente externo implicado.